



Concello de Lugo

SERVIZO ALCALDÍA
XEFATURA POLICÍA LOCAL
Asunto: Prácticas Grao de Criminoloxía.



Excmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Alcalde Presidente do Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo á: Autorización das prácticas do alumnado de Criminoloxía da USC e UNIR: Dona Paula Vilela Méndez, Dona Sandra López Castro e D. Brais Páramo Rego ao abeiro do Convenio-Marco do Concello de Lugo con ámbalas dúas Universidades .

Vista a proposta do Inspector Principal Xefe da Policía Local, D. José Manuel Río Espiño, do teor literal seguinte:

Vista a solicitude e o interese da USC e UNIR no acollemento en prácticas do alumnado de referencia, e tendo en conta:

1.- Convenio- Marco entre o Concello de Lugo e a USC e UNIR de data 10 de abril do 2024 e 9 de xaneiro de 2025, respetivamente, ámbolos dous en vigor, co obxectivo de establecer a colaboración entre as partes de cara a unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación das prácticas externas do alumnado universitario na Policía Local.

2.- Solicitudes presentadas polas Coordinadoras dos Graos de Criminoloxía da USC e UNIR para que os alumnos, pola UNIR, Dona Paula Vilela Méndez, con DNI: _____ e Dona Sandra López Castro, con DNI: _____ e pola USC D. Brais Páramo Rego, con DNI: _____, leven a cabo prácticas na Policía Local, cunha duración de 114 horas.

Infórmase favorablemente sobre a idoneidade da realización das prácticas no Servizo de Policía, por parte do alumnado proposto, durante as horas solicitadas, no período que abrangue dende o 6 ata o 30 de abril do 2026.

Por todo o anteriormente exposto, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respetivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26/07/2023 e Decreto núm. 2730/2025 de 19/03/2025 na súas actuais redaccións, PROPONSE para a súa aprobación pola Alcaldía, mediante a correspondente resolución:

PRIMEIRO.- Autorizar ós alumnos Dona Paula Vilela Méndez, Dona Sandra López Castro e D. Brais Páramo Rego, para que leven a cabo prácticas na Policía Local, no período que abrangue dende o 6 ata o 30 de abril de 2026 ata completar as 114 horas establecidas.

SEGUNDO.- Nomear como titor das anteditas prácticas ó Inspector D. Adrián Prieto Veiga, que desenvolverá as funcións de seguimento, supervisión e avaliación das prácticas, e ao remate destas emitirá un informe sobre as actividades desenvolvidas polo alumnado.

TERCEIRO.- Reiterar expresamente que a finalidade das prácticas é a de encamiñar ao alumnado cara a súa propia formación, e non á satisfacción de actividades municipais, punto que garantirá o titor por parte do Concello.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Autorizar ós alumnos de Criminoloxía da USC e UNIR, Dona Paula Vilela Méndez, Dona Sandra López Castro e D. Brais Páramo Rego, para que realicen prácticas na Policía Local, no período que abrangue dende o 6 ata o 30 de abril de 2026.

FIRMADO POR ***393***-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 10/03/2026)
Decreto N.º: 2050/2026 - Fecha de firma: 10/03/2026
Versión imprimible

Firmado por: ***393***- MIGUEL FERNANDEZ MENDEZ (FECHA: 2026-03-10 11:28:31.00)

CVD: y0MzPpQpSk/RT06AWGD5

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

N.º de decreto/resolución: 2050/2026





Concello de Lugo

SERVIZO ALCALDÍA
XEFATURA POLICÍA LOCAL
Asunto: Prácticas Grao de Criminoloxía.



SEGUNDO.- Nomear como titor das anteditas prácticas ó Inspector D. Adrián Prieto Veiga, que desenvolverá as funcións de seguimento, supervisión e avaliación das prácticas, e ao remate destas emitirá un informe sobre as actividades desenvoltoas polo alumnado.

TERCEIRO.- Reiterar expresamente que a finalidade das prácticas é a de encamiñar ao alumnado cara a súa propia formación, e non á satisfacción de actividades municipais, punto que garantirá o titor por parte do Concello.

CUARTO.- Notificar a presente resolución á parte interesada coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo nun prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ou a elección da parte demandante, ante aquel na circunscrición no cal teñan o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos en materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei que se cita).

Non obstante o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, do 1 de outubro, ante a Alcaldía e no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto. De optarse por este recurso non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que non sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do dito recurso de reposición, por silencio administrativo, o cal se producirá polo transcurso do prazo dun mes dende a data da súa interposición.

Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ao seu dereito.

Así mesmo, déaselle traslado ás dependencias e ós servizos municipais
Cúmprase